

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

O IES Armando Cotarelo Valledor comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de F.P. Fermín Bouza Brey do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro.

- O alumnado da ESO procede dos colexios adscritos de Rubiáns, Vilaxoán e, dende o curso 2022-23, CEIP Piñeiríño.
- O alumnado de Bacharelato provén maioritariamente do noso alumnado da ESO, aínda que cada ano tamén se incorporan alumnos/as dos outros centros de Vilagarcía ou de concellos limítrofes.
- O alumnado que opta pola oferta dos ciclos formativos procede tanto do propio concello, como de concellos limítrofes e doutros máis afastados: Valga, Catoira, Caldas, Vilanova, Illa de Arousa, O Grove, Rianxo, A Estrada, etc.
- Situación socio-económica e cultural da contorna.

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo, na periferia de Vilagarcía, a 2 km. do centro urbano, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

As principais actividades económicas do entorno son:

- Pesca e marisqueo
- Agricultura
- Hostalería
- Conserva -actualmente en plena decadencia-
- Acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras)
- Comercio, actividades industriais e outras

Atendendo aos resultados extraídos da última avaliación externa, o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) que lle corresponde ao centro é baixo.

Algúns problemas que non podemos obviar como centro de ensino son os seguintes:

- A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.
 - A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas; o que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación.
 - O escaso -algúns casos nulo- hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.
- Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, se expresa en castelán.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución. Marco xeográfico de Grecia e Roma. Grandes etapas históricas.	Trazos básicos da xeografía grega. As grandes zonas de expansión dos gregos; a Grecia colonial. Etapas da historia grega. Trazos básicos da xeografía itálica. Etapas da historia romana e a súa expansión territorial.	9	9	X		
2	O exército e a guerra.	O exército grego como expresión da sociedade helénica. A historia de Grecia a través da historia militar. O exército romano: a lexión; o exército como reflexo da evolución territorial de Roma.	8	9	X		
3	A relixión. Cultos e crenzas.	Visión global dos modos de culto no mundo antigo en confrontación cos actuais. As competicións deportivas como manifestacións relixiosas: diferenza entre	9	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A relixión. Cultos e crenzas.	deporte (Grecia) e espectáculo (Roma).	9	9	X		
4	A orixe clásica da lingua e da literatura.	O legado das línguas clásicas. As linguas romances. O alfabeto grego. A literatura clásica grecolatina.	9	9	X		
5	Mitoloxía clásica. Deuses, deusas e heroes.	O panteón grecorromano. Concepto de deus. Concepto de heroe. Modelos representativos.	9	9		X	
6	A muller e a familia.	A muller en Grecia e a muller en Roma: semexanzas e diferenzas. Institucións sociais: o matrimonio e a familia. A educación en Grecia e a súa evolución en Roma.	8	9		X	
7	O mundo masculino. A vida social.	A vida cotiá do cidadán grego e romano. Ocupacións en función das clases sociais. A vestimenta. A función do banquete como espazo de exaltación da tradición e masculinidade, especialmente na tradición grega.	8	9		X	
8	Política e cidadanía. Oríxenes da democracia.	Historia dos sistemas políticos gregos. A polis como forma de organización política da Grecia clásica. Os sistemas políticos en Roma. A república romana como sistema mixto oligárquico-democrático. O imperio: dun sistema de participación á autocracia. O cursus honorum das maxistraturas romanas republicanas.	8	9		X	
9	A arte clásica; unha arte eterna.	Arquitectura grega e romana. A escultura grega e romana. Outras formas de arte.	8	9			X
10	As cidades antigas e modernas. O urbanismo.	Estrutura das cidades gregas. Estrutura das cidades romanas. Herdanza do urbanismo clásico no urbanismo moderno. Os servizos públicos en Roma. A vivenda.	8	8			X
11	O ocio: xogos e espectáculos.	Roma, a cidade dos espectáculos: circo, anfiteatro, teatro. O concepto do espectáculo dos romanos en contraste co concepto deportivo dos gregos.	8	8			X
12	A romanización.	Concepto. Etapas. A pegada da romanización: seguimos a ser romanos.	8	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución. Marco xeográfico de Grecia e Roma. Grandes etapas históricas.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	O alumnado coñece os trazos fundamentais da xeografía grega e romana, isto é, os trazos básicos da xeografía mediterránea (mares, accidentes xeográficos, illas, etc.)	PE	100
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	O alumnado é quen de localizar nun mapa en soporte papel e/ou dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana, así expresamente indicados na aula.		
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	O alumnado é quen de identificar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.		
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	O alumnado é quen de identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.

UD	Título da UD	Duración
2	O exército e a guerra.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	O alumnado é quen de identificar os marcos xeográficos nos que se moven os exércitos gregos e romanos.	PE	100
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	O alumno é quen de localizar nun mapa en soporte papel e/ou as grandes batallas do mundo antigo, previamente explicadas na aula pola súa especial relevancia histórica.		
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	O alumnado é quen de identificar as grandes etapas na evolución do exército grego e romano, segundo se explicaron na aula.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	O alumnado coñece os nomes dos grandes militares gregos e romanos e identifica os seus logros, segundo se explicaron na aula.		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	O alumnado coñece e explica as causas da grande influencia do exército romano no proceso de romanización tanto na Península Ibérica como no resto do imperio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.

UD	Título da UD	Duración
3	A relixión. Cultos e crenzas.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	O alumno identifica as grandes diferenzas entre os conceptos de relixiosidade do mundo antigo e o mundo moderno, con especial fincapé na evolución do "do ut des" ao sentido da transcendentalidade da tradición xudeo-cristiá.		
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	O alumno identifica a diferenza entre o culto público, como elemento cohesionador da colectividade, fronte ao culto privado, como elemento cohesionador da familia. Forte helenización do culto público fronte á maior resistencia da primitiva relixiosidade romana no culto familiar.	PE	100
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	O alumnado coñece que o deporte nace en Grecia como unha manifestación relixiosa, que se perde na concepción actual da actividade deportiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relixión romana: culto público e privado. - Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.

UD	Título da UD	Duración
4	A orixe clásica da lingua e da literatura.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	O alumnado distingue diversos tipos de escritura, comprende a orixe do alfabeto e recoñece a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	PE	84
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	O alumnado identifica a orixe común das linguas indoeuropeas, distingue as linguas europeas romances das grandes linguas non romances e recoñece a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.		
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	O alumnado identifica latinismos, cultismos e termos patrimoniais. Identifica tamén os trazos distintivos da evolución do latín vulgar ás linguas románicas peninsulares, segundo o explicado na aula.		
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	O alumnado utiliza con propiedade a terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina explicada na aula.		
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	O alumnado identifica as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e coñece as obras de referencia para a literatura universal mencionadas na aula.		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	O alumno usa as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego explicadas previamente na aula.	TI	16

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. - Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino. - As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas romances. - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. - Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

UD	Título da UD	Duración
5	Mitoloxía clásica. Deuses, deusas e heroes.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	O alumnado identifica os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina, explicados previamente na aula.	PE	100
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	O alumnado coñece a diferenza básica entre deuses e heroes, identifica os deuses e os heroes mencionados na aula e distingue entre o concepto técnico de héroe o concepto moderno.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.

UD	Título da UD	Duración
6	A muller e a familia.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	O alumnado distingue entre familia nuclear, concepto moderno, e familia en sentido amplo, concepto antigo; identifica o heteropatriarcado como modelo da familia clásica; revisión crítica do modelo de familia romana clásica.	PE	100
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	O alumnado coñece os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma, facendo especial fincapé nas diferenzas neste eido entre as clases sociais e os xéneros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. - Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.

UD	Título da UD	Duración
7	O mundo masculino. A vida social.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	O alumnado identifica a función na familias en función dos sexos; o home como figura privilexiada dentro do eido familiar. O alumnado reflexiona sobre a pervivencia deste modelo na sociedade actual.	PE	100
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	O alumnado coñece os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma para os homes, reflexionando sobre a perivencia de determinados hábitos e costumes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. - Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.

UD	Título da UD	Duración
8	Política e cidadanía. Orixes da democracia.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	O alumnado identifica os trazos das principais formas de organización política presentes no mundo clásico.	PE	100
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	O alumnado coñece as distintas clases sociais presentes en Grecia e Roma, e reflexiona sobre o papel da escravitude no mundo antigo.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	O alumnado identifica aspectos das organización política do mundo grego e romano nas institucións actuais, tanto na súa denominación como nas súas funcións, co obxectivo de aprezar a importancia da tradición clásica no eido da organización política.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.

UD	Título da UD	Duración
9	A arte clásica; unha arte eterna.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	O alumnado identifica os trazos fundamentais da arte clásica e recoñéceos en manifestacións artístico-arquitectónicas actuais.	PE	100
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	O alumnado identificar os trazos máis salientables da arquitectura grecorromana en edificios explicados previamente na aula.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	O alumnado recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana máis significativas do mundo antigo tratadas na aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	O alumnado debe localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, tratados na aula nun mapa en papel e/ou dixital.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	O alumnado debe indentificar a presenza da civilización clásica nas artes naqueles eidos e exemplos traballados na aula.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	O alumnado ha identificar as pegadas da mitoloxía da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais concretas traballadas na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

UD	Título da UD	Duración
10	As cidades antigas e modernas. O urbanismo.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	O alumnado identifica as creacións urbanísticas romanas e penas en relación co urbanismo e as redes viarias da súa contorna.	PE	100
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	O alumnado é quen de localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo tratados na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.

Contidos
- Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.

UD	Título da UD	Duración
11	O ocio: xogos e espectáculos.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	O alumnado identificar as principais formas de lecer da Antigüidade, contrastando as semellanzas e diferenzas entre o mundo antigo e o moderno.	PE	100
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	O alumnado identificar as manifestacións deportivas da Antigüidade, diferenciando entre espectáculo e deporte e contrastando as grandes semellanzas e diferenzas entre o mundo antigo e o moderno.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.

UD	Título da UD	Duración
12	A romanización.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	O alumnado comprende o concepto de romanización e identifica os trazos fundamentais da romanización na Hispania e máis concretamente na Gallaecia.	PE	90
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	O alumnado localiza os principais monumentos clásicos do patrimonio hispano en xeral e galego en particular.		
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Dentro do proceso de romanización, o alumnado relaciona este coa diversidade lingüística europea e, particularmente, das linguas da Península Ibérica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	O alumnado é quen de identificar cultismos, semicultismos e voces patrimoniais, analizando a súa evolución terminolóxica dende as bases grecolatinas. Para isto toma en consideración e aplica o principais fenómenos de gramática histórica.		
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	O alumnado domina unha serie relativamente ampla de exemplos de terminoloxía científico-técnica con base grecolatina que son de aplicación a linguas non románicas.		
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	O alumnado é quen de reconocer e identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	O alumnado identifica aspectos concretos tratados na aula da herdanza clásica nas artes e na sociedade española en xeral e galega en particular.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	O alumnado identifica pegadas concretas da mitoloxía clásica na tradición española en xeral e na galega en particular.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	O alumnado coñece a importancia da Península Ibérica en xeral na historia romana, especialmente dos séculos III-I a. C. e V d.C.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	O alumnado é quen de identificar os aspectos máis salientables da tradición clásica observables na súa contorna máis inmediata.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - As linguas romances. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

4.1. Concrecións metodolóxicas

CONSIDERACIÓNS PRELIMINARES.

A materia de Cultura Clásica permite para os discentes un achegamento ao mundo clásico dun modo específico durante a súa etapa de escolarización, tomando como referencia as culturas grega e romana, alicerces fundamentais da sociedade occidental da que o alumnado galego forma parte. Paralelamente, nun contexto educativo onde o coñecemento e a identificación de información verídica é cada vez máis complicado, debido, fundamentalmente ás esixencias e intereses das sociedades modernas, o obxectivo fundamental da materia debe ser a de permitir, na medida do posibel, un diálogo e contraste crítico permanente entre o mundo antigo e moderno como forma de comprensión conceptual e procedimental.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Explicarase agora e de xeito abreviado as distintas metodoloxías educativas que pretendemos empregar. Para lograr que teñan éxito, é fundamental a variedade nas actividades, a referencia reiterada a contidos anteriores e actuais e a inclusión, na súa xusta medida, do compoñente lúdico. Isto poderá abordarse establecendo relacións entre os contidos tratados e situacións de actualidade:

- Lecturas de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos, etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora e que ilustren os temas que se tratarán.
- Incentivar a participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en público.
- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.
- Recursos como a cartografía e a elaboración de eixos cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque, así como dos lugares de culto marcados por unha contorna xeográfica moi particular e grazas a iso poderá conectarse a xeografía coa arqueoloxía, a relixión ou a mitoloxía, especialmente no caso do mundo grego.
- Traballaremos con técnicas de aprendizaxe cooperativa, nas que o alumnado terá a oportunidade de interactuar nun contexto académico. Este método permitiranos amosarlles que os grupos de traballo acadan os seus obxectivos e resultados se todos os seus membros se esforzan ao máximo e son responsábeis da tarefa que se lles encomenda.
- Traballo interdisciplinar: a través dos contidos de lingua e cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Latín, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Filosofía, Historia da Arte, Historia, Xeografía, Antropoloxía, etc. O tratamento do léxico e dalgúns temas de legado permitirannos achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.
- Outras metodoloxías como o traballo por proxectos significativos para o alumnado, a clase invertida (flipped classroom), a aprendizaxe colaborativa, a ludificación, etc. que permitan maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimicen resultados e fagan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Cultura Clásica da editorial Santillana.
Aula virtual moodle.
Lecturas.
Enquisas.

- Libro de texto. O libro de texto servirá como punto de referencia e como repositorio de materiais para o tratamento na aula.
- A aula virtual servirá, como mínimo, para:
 - Expoñer a programación da materia, tanto a versión completa, como nunha versión abreviada.
 - Repositorio de materia dada, deberes mandados, etc.
 - Canle de comunicación entre profesorado e alumnado, e entre alumnado entre si.
- Lecturas. É importante que o alumnado tome contacto con texto clásicos ou que traten do mundo clásico. Estes textos poden ser facilitados pola persoa docente ou ben tomados do libro de texto.
- Enquisas. Ao final de cada avaliación, a persoa docente fará unha enquisa proporcionada polo departamento para medir determinados parámetros do proceso de ensino-aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, hai que considerar o posible alumnado repetidor e os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Xeografía e Historia ou materias lingüísticas. Por esta razón e para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da aula, presentaremos nas primeiras sesións lectivas unha proba escrita de diagnóstico con cuestións xerais diversas referidas aos contidos da materia e ás razóns polas que o alumnado escolleu cursar esta materia optativa.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	9	9	9	8	8	8	8	8
Proba escrita	100	100	100	84	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	16	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	100	90	98
Táboa de indicadores	0	10	2

Criterios de cualificación:

Fórmula de cualificación de cada avaliación:

- 1.ª avaliación: (cualif. UD01 + cualif. UD02 + cualif. UD03 + cualif. UD04) / 4
- 2.ª avaliación: (cualif. UD05 + cualif. UD06 + cualif. UD07 + cualif. UD08) / 4
- 3.ª avaliación: (cualif. UD09 + cualif. UD10 + cualif. UD11 + cualif. UD12) / 4

Fórmula de cualificación final:

- (Cualif. 1.ª aval.) + (Cualif. 2.ª aval.) + (Cualif. 3.ª aval.) / 3

ACLARACIÓNS:

- Deberá haber unha cualificación por UD. No caso de que varias UD sexan avaliadas nunha mesma proba a cualificación será conxunta é, por tanto, a mesma para todas as UD avaliadas.
- As probas poderán ser escritas ou orais, neste último caso hase proceder á súa gravación para deixar constancia da mesma e que o instrumento de avaliación poida ser revisado, se é o caso.
- No caso de que se opte por substituír as probas escritas (ou orais) por táboas de indicadores, o docente reflectirá dun modo preciso a data, aspectos avaliados, etc.
- A cualificación de cada avaliación virá definida polo número real de UD tratadas. As fórmulas previas serán adaptadas a esta circunstancia.

REDONDEOS:

- Como principio xeral, a cualificación do boletín será o número enteiro máis próximo á cualificación con dous decimais.
- O docente, de modo xustifico, pode non aplicar este principio xeral e poñer a cualificación enteira que considere vai ser máis positiva para a evolución da persoa discente.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.

2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

Lémbrese que, independentemente dos instrumentos de avaliación consignados nesta programación, a persoa docente poderá modificar en cada caso os mesmos, sempre que se informe previamente ao alumnado e se deixe constancia en acta do departamento.

Criterios de recuperación:

En principio non se prevé a realización de exames de recuperación, dado que, como a cualificación final é resultado da media da cualificación das tres avaliacións, a persoa discente que suspenda unha avaliación terá que esforzarse máis na seguinte para compensar a baixa cualificación da anterior.

En todo caso, se a cualificación dunha avaliación fose inferior a 4, a persoa docente decidirá se a/o alumna/o afectado fai unha nova proba ou ben un traballo para poder subir a cualificación.

No mes de xuño, o alumnado que teña a 1.^a ou 2.^a avaliación cunha cualificación inferior a 4, ademais de facer as probas correspondentes da 3.^a avaliación, terá a oportunidade de facer unha proba de recuperación, da que se informará previamente ao alumnado.

A persoa docente poderá, xustificadamente, cambiar a proba por un traballo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 4.^o de ESO que teña a materia de Cultura Clásica de 3.^o pendente recibirá ao inicio de cada trimestre as instrucións concretas xunto cos materiais correspondentes para levar a cabo un traballo de recuperación. Este traballo será cualificado entre 1 e 10 puntos. Para completar a avaliación deste traballo, o profesor poderá validar a identidade da autoría mediante unha proba oral ou escrita baseada nos contidos desenvolvidos no mesmo.

No caso de que no mes de maio, a media dos tres traballos sexa inferior a 5 puntos, o alumnado afectado terá dereito a unha proba obxectiva dos contidos e trazos da cal será informado con antelación.

6. Medidas de atención á diversidade

De xeito ordinario, adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.
- Diversificar procedementos de avaliación.
- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo emocional.

- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor.
- Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.
- É fundamental tamén o reforzo da lectura comprensiva na nosa materia.
- Outras medidas como a ampliación e afondamento para alumnado que o requira, recuperación, reforzo, adaptacións, etc.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, mesmo no que se refire a concrecións metodolóxicas, aínda que esta medida só se tomará despois de explorar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirse que elementos do currículo deberán ser modificados. Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- Alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Alumnado con necesidades educativas especiais.
- Alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- Alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, o departamento preparará e entregará un material de apoio para traballar durante as fins de semana e períodos de vacacións. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumno ou alumna non consegue facer, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que

utilizar) deberao presentar rematado á volta do período vacacional. Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros realiza outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- Exercicios previos para comprender mellor a materia.
- Exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- Exercicios de repaso daqueles coñecementos menos adquiridos.

Do mesmo xeito, ao alumnado que amose un especial interese, procurarase entregarlle material (todo tipo de recursos materiais e recursos en rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundizar en aspectos concretos do programa de contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a paz.	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a un castro (2.ª ou 3.ª avaliación)	Visita a un xacemento arqueolóxico próximo ao centro. Esta visita será de media xornada de mañá.		X	X
Participación nos Ludi Compostelani. (2.ª ou 3.ª avaliación)	Os Ludi Compostellani é unha activida promovida pola SEECGalicia para a divulgacións de aspectos básicos da cultura grecorromana.		X	X
Visita a exposicións próximas relacionadas coa tradición clásica.	No caso de que durante o curso apareza algunha actividade deste tipo que poida ser de interese, hase promover a participación na mesma.	X	X	X
Acudir ao festival de teatro grecorromano de Lugo.	Anualmente a SEEC-Galicia promove este festival de teatro. Normalmente o alumnado acude a unha traxedia e unha comedia.		X	

Observacións:

1. Visita a un xacemento arqueolóxico castrexo. Esta visita debe estar vinculada aos temas de urbanismo e romanización. Trátase dunha saída de proximidade, que se pode combinar cunha actividade de sendeirismo.
2. Ludi Compostellani. Conxunto de talleres para que o alumnado participe e viva dun modo activo distintos aspectos da cultura clásica.
3. Visitas a exposicións relacionadas coa tradición clásica. Hai que valorar a conveniencia de que o grupo de Cultura Clásica acuda a posíbeis eventos deste tipo.
4. Festival de teatro clásico de Lugo. En principio esta é unha oportunidade magnífica para que o alumnado se achegue ao teatro grecorromano. A participación, porén, do grupo nesta actividade do departamento, será valorada en función das propias características do alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Planificación das UD: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
2. Grao de motivación conseguido na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
3. Obxectivos conseguidos e selección de contidos.
4. Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
5. Resultado das medidas de atención á diversidade.
6. Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

Descrición:

1. Planificación das UD: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
Ao final de cada UD a persoa docente deberá facer unha reflexión sobre estes aspectos, que se consignará no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS.
2. Grao de motivación conseguido na aula, participación, progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
O grao de motivación será avaliado a través das enquisas trimestrais, sendo consignado o progreso do alumnado e valoración dos resultados nas actas de departamento.
3. Obxectivos conseguidos e selección de contidos.
Vinculado ao indicador de logro 1.º, a persoa docente, ao final de cada UD, debe valorar o acerto ou non nos contidos específicos tratados.
4. Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Vinculado ao indicador de logro 1.º, deberá ser consignado no seguimento da programación por UD da aplicación PROENS.
5. Resultado das medidas de atención á diversidade.
Tanto trimestralmente como ao final de curso, a persoa docente reflectirá nun pequeno informe personalizado tanto as medidas de atención á diversidade utilizadas como o conseguido coas mesmas.
6. Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.
A persoa docente, ao final de curso, deberá valorar ata que punto se trataron os elementos transversais en todas as UD previstas.
A persoa docente tras cada actividade poderá realizar unha valoración dos resultados conseguidos a partir dunha enquisa ao alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese nun instrumento vivo que a persoa docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e mellora pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso hase conseguir seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que os membros do Departamento o consideren oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos acadados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados